

Reunión Ordinaria da Comisión de Titulación do Grao en Enxeñaría Química

Data:

28-02-2020

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das reunións do 15/01/2020 e 29/01/2020 (extraordinaria)
2. Informes
3. Resumes coordinación
4. Revisión de pasos a seguir nas accións de mellora Aspen Hysys e Visitas
5. Proposta de nomeamento membros da Comisión de TFG
6. Quenda aberta

Asistentes: M.S. Freire, J.M. Garrido, J. González, R.A. Guerra, A. Mosquera, M.C. Palacios, M.A. Sotelo, M.A. Val

Excusan a súa asistencia: E. Rodil

O día 28 de febreiro ás 10:00 h na Sala X3.2 da ETSE, reúnese a Comisión da Titulación do Grao en Enxeñaría Química cos asistentes que se indican.

1. Aprobación das actas da Comisión da Titulación do 15/01/2020 e 29/01/2020 (extraordinaria)

Apróbase a acta da reunión da Comisión da Titulación do 15/01/2020 e 29/01/2020 (extraordinaria).

2. Informes

2.1. Aprobación por vía de urxencia dos informes de docencia por mor da solicitude de complementos docentes. (Correo enviado o 20/01/2020)

Os criterios de valoración tendo en conta a Normativa da ETSE e da USC son:

- Cumprimento das obrigas docentes

: @etse_usc @EnxQuim_USC

- Resultados das enquisas de satisfacción do alumnado
- Actividade docentes adicionais na planificación das ensinanzas do título

A partires da documentación remitida polo profesorado e a que se posúe nos arquivos da ETSE e a USC, a Comisión acorda aprobar a seguinte valoración (para os períodos solicitados polos profesores/as):

PROFESOR/A	VALORACIÓN
D. R.	FAVORABLE
R. C.	FAVORABLE

2.2. Solicitudes de equivalencia consultadas por correo electrónico

Data do correo	Solicitude	Resposta
20/01/2020	L. C. G. B. realizou os seus estudos en Enxeñaría Química en Materiais (de 4,5 anos) na Universidade Autónoma de Querétaro, México, solicita se lle acepte a equivalencia dos seus estudos co fin de matricularse no Máster da USC.	Infórmase positivamente que reúne requisitos análogos aos dun Enxeñeiro Superior en xeral co fin de acceder a un Máster Universitario.
07/02/2020	S. I. Q. T. realizou os seus estudos en Enxeñaría Ambiental (10 semestres, entendo que 5 anos) na Universidad Católica Boliviana "San Pablo", Bolivia. Tamén cursou estudos de máster en Wageningen. Solicita se lle acepte a equivalencia dos seus estudos co fin de facer o doutoramento no programa de Enxeñaría Química e Ambiental.	Infórmase positivamente que reúne requisitos análogos aos dun Enxeñeiro Superior en xeral co fin de acceder ao doutoramento.

2.3. Validacións e recoñecementos

2.3.1. N. G. G.

Estudios: Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación, Universidade de Vigo

Solicita: Recoñecemento da materia Empresa: Fundamentos de empresa (6 ECTS, FB).

Unha vez consultados os profesores da materia no GrEQ proponse o recoñecemento da materia solicitada.

Materias de formación básica recoñecidas:

 : @etse_usc @EnxQuim_USC

- Economía de empresa, 6 ECTS (FB)

2.4. Actividades de difusión do Grao

Feira A USC Camiña. En proceso de organización. Participaremos en horario de 9:30 a 14:00 h:

10-11 de marzo en Mondoñedo (Zona Norte de Lugo),
17-18 de marzo en Ponteceso (Comarca de Bergantiños, ...),
2-3 de abril no Campus de Lugo
14-15 de abril en Noia (Noia, Outes, Muros, ...)

Temos 9 persoas inscritas, 5 doutorandos e 4 alumnos de grao

Actividades:

- Participación en mesas redondas
- Informar sobre o grado
- Realización de demostracións.

2.5. Participación no congreso de Enxeñaría Química

Houbo unha ampla participación do profesorado do departamento de Enxeñaría Química da USC no V Congreso de Innovación Docente en Ingeniería Química que tivo lugar na ETSE nos 22 ao 24 de xaneiro de 2020.

Relación de pósteres presentados:

1	Empleo de Hoja de Cálculo para la Optimización Económica de Ciclos Termodinámicos: Aplicación a Ciclos de Potencia de Vapor. Diego Gómez-Díaz, Ramón Moreira
2	Implementación de prácticas en los estudios de ingeniería: un caso práctico en Chile. Anuska Mosquera Corral, Oscar Franchi Morales, Natalia A. Meza Vilugrón, Ángeles Val del Río, José Luis Campos Gómez, Gladys Vidal, Marisol Belmonte Soto.
3*	Coordinación de actividades entre las asignaturas de Electrotecnia y Transporte de Fluidos de GEQ: Práctica de Tanque Agitado. Juan M. Garrido, Ángeles Val del Río, Ana Soto

*Póster con presentación curta.

: @etse_usc @EnxQuim_USC

Presentacións orais:

1	Deepening in the approach and quality criteria of the USC Chemical Engineering programmes following IChemE guiding principles Julia González-Álvarez, Gumersindo Feijoo
	Developing the competence of ethical commitment in learning sustainable principles and María Teresa Moreira, Gumersindo Feijoo

3. Resumes coordinación

Reunión de coordinación 1º
<p><u>Análise fin de 2º semestre Curso 2018-19</u></p> <p>Con data 22/07/2019 envíase un correo a todos os docentes implicados no 2º semestre para que comuniquen se hai algunha incidencia ou punto que queiran comentar. Proponse a opción de realizar unha reunión no caso de que algún profesor así lo desexe. Só se obtivo resposta do Prof. J. C. e a Prof. R. P. . O Prof. C. mencionou que tivo que dedicar case a metade da súa materia (Análise de Procesos Químicos) a B. de materia e enerxía, polo que se retrasou en Fenómenos de Transporte. Tamén menciona que detecta un baixo nivel dos alumnos en Física e Matemáticas e propón que se reflexione sobre isto. A Prof. R. P. terminou o programa da materia sen problema e as porcentaxes finais das notas dos alumnos foron en Química Inorgánica: 69% Aprobados (4/4 M Honra outorgadas), 25% Suspenso e 6% No presentado. Non houbo incidencias pola súa parte.</p>
<p><u>Análise comezo 1º semestre Curso 2019-20</u></p> <p>Con data do 25/09/2019 ten lugar a reunión.</p> <p>A carga de traballo considerase adecuada. Resáltase a importancia do uso do calendario virtual para a inclusión das diferentes actividades das materias.</p> <p>As materias de Física e Informática coordínanse para que o alumnado instale o Libre Office durante unha clase de Informática e practique noções de Excel (introducir datos, inserir un gráfico e facer unha regresión lineal) que despois facilitará el tratamento de datos nas prácticas de laboratorio de Física.</p> <p>Na materia de Matemáticas hai un grupo adicional de seminario, debido ao elevado número de estudantes (73 de nova matrícula + alumnado repetidor).</p> <p>Os docentes que realizan probas durante o curso atopan máis útil dar a coñecer as datas con antelación.</p> <p>Na materia de Fundamentos de Procesos realizarase unha visita técnica a Foresa (Caldas de Reis), que se levará a cabo en 2 días debido ao número de estudantes.</p> <p>O profesorado que imparte prácticas de laboratorio indica que impartir a formación de seguridade toma moito tempo e propón o emprego dun vídeo de apoio.</p>

Análise fin de 1º semestre Curso 2019-20

Non houbo reunión presencial. Enviouse un correo electrónico para solicitar información. Os profesores dalgúñas materias enviaron información sobre os resultados dos exames na primeira oportunidade que non foron bos. A visita técnica fíxose a Foresa en dúas quedas. Houbo comentarios por parte do profesor E. R. e C. E., que comentaron que os resultados dos exames foran decepcionantes. En xeral a impresión do resto dos profesores tamén foi mala pois unha porcentaxe importante de alumnos non ven á clase.

Análise comezo 2º semestre Curso 2019-20

O día 31/01/2020 ten lugar a reunión.

En xeral a carga de traballo considerase axeitada. Lémbrese a importancia do uso do calendario da materia. Os profesores que precisan dun software comprobaron xa o seu correcto funcionamento.

A profesora de Matemáticas indica que hai prácticas de aula de informática de 13 a 14 h. Para que se teña en conta á hora de fixar outro tipo de actividades. Mantense o acordo de anunciar as probas ao alumnado cunha semana de antelación

A coordinadora do curso organizará a visita técnica ligada á materia de Análise de Procesos Químicos. Farase a CLUN (Pontemaceira-Ames).

En canto as materias con prácticas de laboratorio na materia de APQ a matrícula no grupo de inglés é moi elevada, polo que xa se reorganizaron os grupos de prácticas (3 de inglés e 2 de castelán). Os docentes están de acordo na importancia da formación en seguridade nas prácticas.

Comentarios adicionais

Saliéntase a ausencia dos alumnos a clase, o emprego do e-mail para titorías e a desorganización/desinterese por parte do alumnado. Tamén se mencionan os malos resultados obtidos polo alumnado no 1er semestre.

Unha das profesoras de prácticas del APQ indica que as sesións de aula de informática deberían de ser de 2 horas (en vez de 1 h, como actualmente) para facilitar a impartición das prácticas de HYSYS. Proporase esta medida á xestora do centro cando se realicen os novos horarios (mediados de marzo, aproximadamente).

Reunión de coordinación 2º

Análise fin de 2º semestre Curso 2018-19

Con data do 27/06/2019 tivo lugar a reunión de coordinación. Os profesores presentes indican que non houbo contratempos neste semestre e indican unha serie de cuestións que queren destacar. Por unha banda veñen observando unha baixada no nivel de coñecementos dos alumnos nos últimos anos e isto repercute nas cualificacións que obteñen, máis aprobados e menos notables e sobresalientes. Considerase que estes coñecementos deberían impartirse no primeiro curso do Grao. No caso da materia de expresión gráfica resáltase a o feito da luminosidade da aula que dificulta a visualización das presentacións que fai.

Accións para o curso 2019-2020



Ver de mellorar os coñecementos en balances de materia, manexo de unidades e as súas transformacións actuando nas materia de primeiro.

Os docentes da materia Laboratorio de Transporte de Fluídos y Transmisión de Calor indican que para o vindeiro curso reforzarán a información sobre as normas de seguridade e o seu cumprimento.

A profesora de expresión gráfica indica que prevé aumenta a comunicación cos profesores doutras materia para solicitarlles materiais que os alumnos poidan incorporar nas prácticas de CAD.

Análise comezo 1º semestre Curso 2019-20

Con data 09/09/2019 ten lugar a reunión.

Mantense o calendario Google para incluír todas as actividades cunha carga de traballo (incluídas as titorías) considerable para los alumnos de xeito que os docentes teñan unha visión conxunta da carga de traballo.

A visita técnica prevista á ETAP de Santiago será organizada polas materias de Transporte de Fluídos e Electrotécnia. A idea e que participen nela o maior número de materias do semestre posible. Os outros aspectos tratados son os recordatorios habituais do uso do Moodle, seguridade nas prácticas de laboratorio e procedemento de reparto de alumnos por grupo fixado pola ETSE.

Análise fin de 1º semestre Curso 2019-20

A reunión ten lugar o 10/02/2020.

Non houbo contratempas e o semestre desenvolveuse con normalidade. Sen embargo hai algúns comentarios:

- Observase unha baixada considerable de asistencia á clase por parte do alumnado con respecto a outros cursos (≤ 50) dende o principio do semestre.
- Os estudantes son traballadores pero non están acostumados a razoar e resolver problemas.
- A porcentaxe de aprobados en todas as materias foi inferior ao de cursos anteriores, menor do 50%.
- Os exames foron na semana antes de vacacións de Nadal e provocou a desconexión do resto das materias do semestre.

Accións para o curso 2020-2021

Realizarase a visita técnica del semestre, organizada por las materias de Transporte de Fluídos y Electrotécnia, á ETAP de Santiago.

- Se continuará traballando, en algún de los seminarios de la materia de Transporte de Fluídos, con el simulador AspenHysys.
 - Reiterarase a importancia do traballo continuo e a asistencia a clase.
 - Estudiarase unha posible modificación no calendario de exames para o curso 2020-21.
- Algúns profesores suxiren a posibilidade de realizar todos os á volta das vacacións de Nadal.

Análise comezo 2º semestre Curso 2019-20

A reunión ten lugar o 31/01/2020.

Mantense o calendario google de cursos anteriores para incluír as diferentes actividades das distintas materias. A metodoloxía docente a aplicar está detallada nas guías docentes publicadas na web do Grao.

Hai proposta unha visita técnica a Alcoa, San Ciprián que será organizada polos docentes da materia Transmisión de Calor. Lémbrese do feito que é o docente da materia o que se encarga de fixar as horas para as titorías grupais. Tamén faise fincapé no feito de que se debe comunicar a normativa de seguridade nos laboratorios de prácticas aos alumnos ao comezo das mesmas.

Detéctase que o número de alumnos matriculados nas materias de inglés neste curso é baixo neste momento. No comezo do semestre informárase aos alumnos do interese de cursar materias en inglés.

Reunión de coordinación 3º

Análise fin de 2º semestre Curso 2018-19

Non se realizou presencialmente ao finalizar o semestre por estar a coordinadora de curso nunha estancia de investigación. Solicitouse aos docentes implicados o envío dos seus comentarios con prazo ata o 20/09/2019 coa particularidade de que se algún deles o consideraba preciso realizaríase unha reunión presencial. Recibíronse os seguintes comentarios:

Enxeñaría de Procesos: sen incidencias. A porcentaxe de aprobados entre as dúas oportunidades foi dun 65 %. En varias ocasións os alumnos foron cuestionados pola súa opinión con respecto á carga de traballo e aínda que comentaron que era bastante non houbo especiais queixas.

Control de Procesos: Os alumnos tiveron que entregar a memoria unha semana despois de acabar no laboratorio. As actividades facíanse na clase polo que a carga de traballo persoal non foi excesiva.

Reactores Químicos: A carga de traballo correspondente ao semestre foi a recollida a guía docente. Nos meses de abril e maio detectouse nos alumnos unha carga de traballo elevada. Realizouse a visita ás instalacións de SOLOGÁS (J.M. G.) coordinada coa materia de Enxeñaría Ambiental (F. O.). Os profesores das materias en inglés y castelán, coordinaron o contido dos exames. No grupo de galego/castelán dos 72 alumnos matriculados, suspenderon 22 (15 non presentados e 7 suspensos na segunda oportunidade). Estes resultados son similares aos do curso anterior.

Enxeñaría Ambiental: No grupo de castelán destaca a boa asistencia e participación na clase. Nos grupos de castelán e inglés centráronse máis os temas da materia, reducindo algúns aspectos que antes se daban e non eran centrais. Na visita técnica foi positivo que tivesen que facer un pequeno cuestionario. A visita foi demasiado curta e o nivel de explicación recibido da empresa foi limitado polo que se podería cambiar de empresa o vindeiro curso. O índice de suspensos en xuño foi preto ao 20 % en parte porque suspenderon a parte de problemas. Na segunda oportunidade mellorou este índice. Compre reforzar as competencias de resolución de problemas na materia.

Análise comezo 1º semestre Curso 2019-20



Con data 25/09/2019 ten lugar a reunión. Fixéronse os seguintes comentarios:

Ciencia de Materiais: Mesma carga de traballo que no curso pasado coa entrega dun traballo.

Fundamentos de Máquinas e Resistencia de Materiais: En toda a materia non teñen traballos fora da aula só actividades de seminario que se lles recollen. Ao final do semestre entregan unha memoria das prácticas da aula de informática.

Enxeñaría da Reacción Química: a carga de traballo como o curso anterior

Enxeñaría Bioquímica: unha proba (teoría/problemas) ao finalizar cada tema, de la que son previamente informados e se desenvolve no horario de clase (15-20 minutos de duración). Entregarán un traballo en grupo das titorías grupais.

Transferencia de Materia: no grupo de inglés os alumnos entregan 3 problemas de cada boletín de exercicios (8 boletíns en total) – aproximadamente cada 10 días. Realizaranse dúas probas na clase de resolución dun problema. Non se dispón de información do grupo en castelán.

Sistemas de Producción Industrial: se aplica estritamente a guía docente da materia.

Na materia Fundamentos de Máquinas e Resistencia de Materiais existe unha boa coordinación entre docentes. En Enxeñaría Bioquímica os grupos de castelán e inglés están totalmente coordinados. Na materia Transferencia de Materia, non hai coordinación entre os grupos de castelán e inglés.

A materia Transferencia de materia en colaboración con Enxeñaría Bioquímica realizará a visita a Destilerías Compostela.

Aspectos a resaltar son a elevada taxa de ausencia ás clases dos venres. Lémbrese a importancia do calendario virtual e do Moodle.

Análise fin de 1º semestre Curso 2019-20

Con data 11/02/2020 ten lugar a reunión. Fixéronse os seguintes comentarios:

Nas distintas materias seguiuuse o indicado nas correspondentes guías docentes. Os profesores indicaron que non se sobrecargou aos alumnos, posto que na maioría dos casos, non tiñan actividades a realizar fora da aula a excepción da corresponde a levar ao día a materia. En liñas xerais, os profesores detectaron un nivel máis baixo que en outros anos, o cal aparece reflexado nos resultados acadados. A visita planificada para o primeiro semestre a Destilerías Compostela, organizada pola materia de Transferencia de Materia non se realizou finalmente. A plataforma virtual Moodle empregouse en tódalas materias do semestre para o intercambio de información cos alumnos.

Análise comezo 2º semestre Curso 2019-20.

A reunión tivo lugar o 10/02/2020.

A información aportada polo profesorado asistente, así como a recibida por e-mail por parte de outros profesores de 3º curso, indica que a distribución da carga de traballo é axeitada ó longo do semestre. A maioría dos traballos que teñen que entregar os alumnos xa están programados e con data concreta de entrega, nalgúns casos incluso teñen todo o semestre para a súa realización.

Reunións entre profesores de materias con máis dun docente. Na materia de Enxeñaría Ambiental os profesores do grupo de galego/castelán e de inglés indican que están perfectamente coordinados, de feito usan os mesmos materiais e farán as mesmas probas. No resto de materias con máis de un docente non se comentou ningún tipo de incidencia.

Plan de visitas a empresas. Na materia de Enxeñaría Ambiental está solicitada unha visita técnica á instalación de SOLOGAS en As Somozas (previsiblemente sería a finais de abril). Tamén na materia de Control de Procesos está solicitada unha visita a Endesa (As Pontes), de acordo co indicado polo profesor J. C. na reunión de coordinación de final do primeiro semestre. Por tanto se esperará a que Escola aprobe o orzamento correspondente.

Uso do calendario do curso. Se acorda que no calendario de Gmail (<http://www.usc.es/etse/es/taxonomy/term/10498>) a coordinadora de 3º curso engada para este semestre as clases previstas (oficiais) en horario de tarde das materias optativas e das prácticas. Así se facilitará o coñecemento das horas libres dispoñibles para poder marcar outras actividades como son, por exemplo, as titorías grupais.

Uso da plataforma virtual (Moodle) e softwares. Se utiliza habitualmente o Campus Virtual para compartir os materiais necesarios cos alumnos, para a entrega dos traballos solicitados e para comunicarse cos alumnos. Respecto dos softwares utilizados fundamentalmente se emprega Excel en case todas as materias e tamén programas máis específicos como Hysys (Reactores Químicos) e Statgraphics (Xestión de Calidade).

Co software Statgraphics hai normalmente problemas coa licenza, que se ten que reactivar sempre a partir de xaneiro (os informáticos fan por norma este traballo en setembro). Este ano ademais coincide que hai que desinstalar a versión existente por outra nova, para o cal se porá en contacto ó profesor R. C. co novo secretario da ETSE (O. R.) para asegurarse de que se realiza a xestión de forma correcta.

Comentarios adicionais dos docentes:

- O profesor de Xestión de Calidade (R. C.) solicita que a clase dos venres se poida intercambiar con Xestión e Tratamento de Residuos para ter tempo de chegar á ETSE, posto que ten unha clase previa na Facultade de Químicas (xa se falou coa Xestora e con M. M.).
- Titorías grupais: se comenta que deberían quedar fixadas dende inicio de curso nos calendarios oficiais, xa que se observa que debido á presenza de bastantes materias optativas con clases de tarde e ás prácticas das materias obrigatorias tamén en horario de tarde, as horas dispoñibles para fixar as titorías grupais son moi reducidas.
- Calendario: se propón a posibilidade de unificar toda a información do curso en un único calendario que se xestionaría a través do Campus Virtual na aplicación correspondente a “Coordinación de 3º curso”. No CETA indican que esta posibilidade xa está dispoñible no calendario da aplicación posto que permite editar eventos, de tal maneira que en lugar do calendario de Gmail se usaría o do Campus Virtual correspondente a cada curso.

Reunión de coordinación 4º

Análise comezo 1º semestre Curso 2019-20
Con data 11/10/2019 ten lugar a reunión.

Os temas tratados foron sobre Seguridade, Información do Traballo Fin de Grao, Visitas a empresa, Carga de traballo e outros temas: delegados de curso, distribución de alumnos por grupo, etc. Este ano incorporouse á reunión a directora da Biblioteca para presentar o curso de Competencias Informacionais Avanzado aos alumnos (data de inicio, obxectivos, avaliación, etc.).

Dos 95 alumnos matriculados no TFG, houbo 25 Non Presentados, 19 Renuncias automáticas, 50 Aprobados e 1 Suspenso, entre todas as convocatorias de TFG.

Este curso o efecto da viaxe de Paso de Ecuador non afectou aos grupos de laboratorio, e só o fixo no primeiro día de clase dalgúñas materias, o que se informou previamente aos profesores. Non se recibiu por parte da coordinación ningunha queixa polos cambios de grupo, nin de profesores nin de alumnos (o que tamén se confirmou nesta reunión).

A coordinadora informa que houbo problemas coa matrícula de alumnos pendentes da cualificación das prácticas en empresa, o que lles retrasou moito a matrícula. Tamén houbo problemas nalgúñas materias, por mor de validacións pendentes dalgúns alumnos.

Cuestións relacionadas coa docencia do semestre (actividades, visitas a empresa, distribución do alumnado en prácticas, e outras):

Respecto das actividades de avaliación continua a realizar por parte dos alumnos non se comentan diferencias respecto do contido nas programacións docentes das materias.

A visita queda só para a materia de Proxectos e Deseño de instalacións e contactárase coa empresa Reganosa.

Coméntase que o cambio de horario de curso, sen clases expositivas na franxa horaria da tarde dos venres, supuxo un efecto sobre as optativas, xa que algúns alumnos tiveron que “sacrificar” algunha materia optativa ao trasladar as horas do venres e aumentar o horario de clases ata as oito da tarde de luns a mércores. Indícase que o único que implica este cambio, non é mellorar a distribución da carga de traballo para os alumnos, senón favorecer que o fin de semana empece o venres. Os profesores non están de acordo có cambio de horario, pensando só na opinión dos alumnos.

Coordinación entre materias

Fixéronse propostas de mellora de prácticas con motivo da solicitude feita dende o departamento de Enxeñaría Química. As propostas feitas das materias de 4º foron:

I. V.: Propón dotar os evaporadores da planta piloto de instrumentación e sistemas de control, xa que considera que son un perigo para profesores e alumnos.

A. F.: Propón pór a punto prácticas que xa están montadas no Laboratorio LB4 e na planta piloto, pero que non se poden utilizar por diferentes motivos: modelización de RCTA en estado estacionario e non estacionario, Operación de extracción líquido-líquido, etc.

H. R.: Propón avaliar a posibilidade de recuperar algunha das prácticas de control, que non se usan dende fai tempo. Tamén se se fai a posta en marcha da columna de extracción líquido-líquido, posiblemente necesite unha estratexia de análise de mostras líquidas ternarias que podería mellorar a práctica de determinación de curvas de solubilidade.

R. M.: Mellorar as prácticas de Laboratorio de Enxeñaría Ambiental como o Reactor Airlift, cun sistema de control por PLCs.

Tendo en conta estas propostas podería facerse unha coordinación entre os profesores das diferentes materias no relacionado coa automatización das prácticas e instalación dos sistemas de control por PLCs, que sería unha **acción de mellora**.

Na posta a punto das prácticas comentadas poderían participar os colaboradores (bolseiros, voluntarios,...) que participan dende o departamento.

Outros temas tratados: Os profesores suxiren que podería haber un procedemento de urxencia para resolver os problemas de cambio de grupo nos primeiros grupos de Laboratorio. Tamén indican que os problemas cos alumnos pendentes das validacións débense a que ao non estar matriculados, non poden estar nos laboratorios, por non estar cubertos polo seguro, polo que é un tema importante. Para os cambios de grupo debe de revisarse ben cada caso. A profesora I. V. tamén indicou que os profesores están resolvendo problemas administrativos dos alumnos, e que non lles corresponde por o seu traballo.

Análise fin de 1º semestre Curso 2019-20

Non se fixo reunión de fin de semestre de 4º. Mandarase un correo electrónico para que os profesores indiquen se houbo algunha novidade, que non fora comunicada, acerca do transcurso do curso, e abrírase a posibilidade de que algún profesor poda aportar algunha idea ou acción de mellora para o próximo curso. En calquera caso, informarase dos resultados do curso, unha vez rematada a segunda oportunidade e a defensa dos TFG na primeira reunión do curso que vén.

4. Revisión de pasos a seguir nas accións de mellora Aspen Hysys e Visitas

Elaborarase un documento para poñer en coñecemento dos profesores cales son as materias nas que se vai impartir Aspen Hysys e os contidos que deberán levar estas materias. Tamén se elaborará a listaxe de materias que incluírán visita técnica. A información destes dous aspectos farase pública nun consello de departamento para que os profesores saiban de antemán o que implica a solicitude de certas materias.

Visitas primer semestre curso 2019-2020 realizadas todas excepto a de terceiro a Destilerías Compostela

5. Proposta de nomeamento membros da Comisión de TFG

A profesora J. G. causa baixa como membro da comisión de TFG do grao en Enxeñaría Química por ter sido elixida Directora da ETSE.

Por outra banda outros catro membros xa pertenceron a ela durante 4 anos e ou causan baixa ou teñen que manifestar o seu desexo de renovar como membros da comisión:

S. F., A. A., S. G. e J. M. G..

Todos, excepto J. M. G. manifestaron o seu interese en continuar catro anos máis.

A. M. e A. F. poden continuar ata o 24/05/2022.

Enviarase un correo electrónico informando das prazas vacantes para que os profesores que así o desexen se propoñan para formar parte da mesma.

6. Quenda aberta

Abandono en primeiro semestres do primeiro curso. Estase a avaliar o abandono potencial dos alumnos de primeiro, segundo os resultados das cualificacións do primeiro semestre.

Dado que neste curso o número de alumnos inscritos que tiñan a Enxeñaría Química como primeira opción diminuíu e que tamén no proceso de admisión o comportamento dos inscritos foi diferente a Coordinadora do Grao solicita á Directora da ETSE se informe deste procedemento e se hai algunha acción a tomar para mellorar este aspecto o faga no seu momento.


Elaboración de documentos Esenciais de docencia. Hai aberta unha convocatoria (https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/snl/servizo/descargas/convoqa_esenciais.pdf) pola que se promove, durante o presente ano 2020, a elaboración e edición de diversos títulos para a colección ESENCIAIS USC. A profesora de Expresión Gráfica vai elaborar un documento e a coordinadora do Grao propón preguntar á profesora de Matemáticas se quere elaborar un no eido das matemáticas.

Prácticas laboratorio. O director do departamento de Enxeñaría Química consultará se é posible que un alumno de doutoramento que non teña contrato FPI, FPU ou beca da xunta pode ser ou non colaborador en prácticas de docencia.

Sen máis asuntos que tratar dáse por rematada a xuntanza ás 11:15 h.

En Santiago de Compostela, a 28 de febreiro de 2020





Asdo.: Anuska Mosquera Corral
Coordinadora do Grao